

Gasto dos non residentes en Galicia. Segundo trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

No segundo trimestre de 2010 os viaxeiros non residentes que se aloxaron en establecementos hoteleiros galegos gastaron de media 104,4 euros por persoa e día

Segundo os datos da operación estatística "Gasto dos non residentes en Galicia", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os viaxeiros non residentes en Galicia que no segundo trimestre de 2010 se aloxaron nalgún establecemento hoteleiro de Galicia gastaron de media 104,4 euros por persoa e día na nosa comunidade, cun gasto total de 159,4 millóns de euros. As maiores partidas de gasto destináronse ao aloxamento (35,0% do total de gasto) e a restaurantes (33,8%).

Gasto dos non residentes segundo o concepto de gasto. Galicia. Segundo trimestre de 2010

Concepto	Gasto total (miles de euros)	Distribución porcentual do gasto (%)
Total	159.394	100%
Paquete turístico	12.672	7,9%
Aloxamento	55.717	35,0%
Restaurantes	53.830	33,8%
Comida comercios	1.392	0,9%
Desprazamentos	14.640	9,2%
Agasallos	10.765	6,8%
Ocio	7.287	4,6%
Outros	3.091	1,9%

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por provincia

Os viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros da provincia da Coruña gastaron 86,7 millóns de euros, o que supón o 54,4% do gasto total dos non residentes. A continuación atópanse os viaxeiros aloxados en Pontevedra que contribuíron co 32,6% do total do gasto.

No tocante ao gasto diario medio por viaxeiro, o máis alto deuse na provincia da Coruña (126,7 euros) e o máis baixo en Ourense (79,1 euros).

Gasto dos non residentes segundo a provincia do establecemento. Segundo trimestre de 2010

Provincia do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Galicia	159.394	100,0	104,4
A Coruña	86.677	54,4	126,7
Lugo	15.052	9,4	86,3
Ourense	5.643	3,5	79,1
Pontevedra	52.022	32,6	87,2

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por categoría

O 39,2% do gasto total dos non residentes en Galicia procede de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 4 estrelas. Os establecementos de 1 e 2 estrelas supoñen o 28,6%, os de 3 estrelas o 22,4% e o 9,8% restante corresponde a viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 5 estrelas.

En canto ao gasto diario medio por persoa o máis elevado correspondeu aos establecementos hoteleiros de 5 estrelas (206,6 euros), mentres que nos establecementos de menor categoría (1 e 2 estrelas) este gasto foi de 74,8 euros.

Gasto dos non residentes segundo a categoría do establecemento. Galicia. Segundo trimestre de 2010

Categoría do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Total	159.394	100,0	104,4
1 e 2 estrelas	45.641	28,6	74,8
3 estrelas	35.724	22,4	94,9
4 estrelas	62.406	39,2	134,4
5 estrelas	15.622	9,8	206,6

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_turismo_gasto_non_residentes_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>